

Os Kits Singulares de Polos creativos son recursos para a creación de situacións de aprendizaxe. Realízanse en colaboración con diferentes entidades e institucións e organízanse en tres niveis:

👤 Básico 👤👤 Medio 👤👤👤 Avanzado



XUNTA
DE GALICIA

Nivel Avanzado 👤👤👤



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS

KS-DT3-Pensamento de deseño
Avanzado

Actividade elaborada coa colaboración de

DESORE

Escola de Enxeñaría
de Telecomunicación
Universidade de Vigo

Aporta

- Material de uso cotiá na clase
- Materiais e ferramentas dos Polos creativos

Observa

- **Etapa empatía:** Pídelle ao/á docente que vos suxira un problema ou área de mellora dun aspecto do centro (o centro en xeral, a organización de espazos no recreo, quendas de entrada no centro, mellora da convivencia, etc.). Ademais, deberá dicirvos con que grupo de persoas ides traballar (estudantes doutro curso, profesorado, persoal de servizos, familiares do estudantado, etc.). Fai cando menos 10 entrevistas empáticas cos membros do grupo elixido.
- **Etapa definición:** Coa información recompilada nas entrevistas previas, facede un mapa de empatía no encerado da clase utilizando notas adhesivas (post-it). Unha vez feito, agrupade as notas según a súa temática. Deberíades acabar esta etapa cunha idea ou visión do problema presentado desde o punto de vista do grupo co que traballáchedes na etapa anterior.
- **Etapa ideación:** Pensade entre todos/as os/as compañeiros/as diferentes ideas de como solucionar o problema presentado mediante un *brainstorming*. Ide anotando as ideas en notas adhesivas (post-its) e poñédeos no encerado. Organizade as notas nun diagrama “Mola - Eslamiado” vs. “Complicado - Sinxelo”. Entre todas as propostas elixide a que vos pareza máis sinxela de facer á vez que “molona”.
- **Etapa prototipado:** Prototipa esta proposta elixida usando materiais e ferramentas que teñades a vosa disposición.
- **Etapa probas:** Presenta ao grupo co que traballaches na fase de empatía o prototipo de solución que fixéchedes. Anota o que din sobre a vosa solución e se a mellorarían dalgún xeito.

Nivel Avanzado

Indaga

- Conseguiches facer unha entrevista empática fixándote no só no que dicían oas persoas, senón tamén en como o dicían? O que dixeron nas entrevistas fíxote ver a problemática desde outro punto de vista?
- O mapa de empatía serviuvos para coñecer mellor as persoas dos vosos grupos? A agrupación de notas por temáticas serviu para detectar os puntos importantes a solucionar do problema?
- Entre todo o grupo, sodes capaces de pensar dez diferentes solucións para o problema? As solucións dos teus compañeiros serviron para obter solucións novas? Fúchedes capaces de elixir unha solución coma a máis axeitada ao problema exposto?
- Usando todos os materiais e ferramentas dispoñibles na clase e no Polos do centro, facede realidade a solución. Sodes quen de facer un prototipo sinxelo? O prototipo serviu para demostrar como solucionar o problema proposto?
- Amosade o voso prototipo ás persoas que entrevistáchedes na etapa de empatía. Consideraron a vosa solución ao problema presentado válida?
- Xurdiron opinións por parte das persoas sobre o prototipo e posibles melloras de cara a resolver mellor o problema proposto?

Segue o código QR do reverso para descargar a plantilla do mapa de empatía e o manual.

